



RESOLUCION POLO QUE SE CONVOCA CONCURSO DE TRASLADOS 1/2020 PARA A PROVISIÓN DE POSTOS DE TRABAJO VACANTES (GRUPO II CATEGORÍA 27 / GRUPO III CATEGORÍA 30) NO CENTRO INFORMÁTICO PARA AXESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICOFINANCEIRA E CONTABLE (CIXTEC).

O Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (en adiante Cixtec) é un ente de dereito público con personalidade xurídica propia creado pola disposición adicional quinta da Lei 2/1998 de 8 de abril de medidas tributarias, de réxime orzamentario, función pública, patrimonio e xestión, na que especifica que o persoal ó servizo do Cixtec poderá ser contratado en réxime de dereito laboral, ser funcionario ou asimilado ó servizo da Administración da Xunta de Galicia adscrito ó citado ente.

O artigo 7.2 f) do Decreto 361/1998, do 4 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC), atribúe ao Director Xeral as competencias referentes á dirección administrativa e do persoal do centro.

A Disposición Adicional Segunda do Decreto 360/1998, do 4 de decembro, establece que no CIXTEC aplicarase o Convenio Colectivo vixente na Xunta de Galicia.

O capítulo IV do V Convenio único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, regula a provisión de postos mediante concurso, polo que vistas as disposicións normativas referenciadas, convócase proceso de provisión para cubrir prazas vacantes no Centro informático para a xestión tributaria, económico-financeira e contable (CIXTEC) polo sistema de Concurso.

As prazas vacantes convocadas, o modelo de instancia para solicitálas e a valoración dos méritos para adxudicalas son as que figuran no anexo I, anexo II e anexo III da presente convocatoria

#### REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN

Poderá participar no concurso o persoal laboral fixo do CIXTEC sempre e cando transcorresen dous anos desde que accedesen ao posto que veñan desempeñando con carácter definitivo, agás que este se provea polo sistema de libre designación, caso en que non se esixirá permanencia.

Exceptúase deste requisito:

- O persoal que se atope en excedencia voluntaria por interese particular, unha vez transcorrido o período mínimo de permanencia nesta situación.





- O persoal en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público unha vez solicitado e autorizado o reingreso no posto do grupo e categoría requeridos.
- O persoal en situación de excedencia por violencia de xénero.

Están obrigados a participar neste concurso:

O persoal que se atope a disposición do órgano competente ou adscrito provisionalmente a un posto de traballo está obrigado a participar e a solicitar todos os postos ubicados en localidades que, dacordo co artigo 97.5 e a disposición transitoria quinta da LEPG, se atopen á distancia de 30Km en relación coa localidade do último posto que ocupara con carácter definitivo ou da localidade do posto ó que esté adscrito provisionalmente, elección que deberá manifestar expresamente na solicitude.

O incumprimento destas obrigas determinará a declaración da situación da excedencia voluntaria por interese particular.

O persoal que se atope adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación a un posto de traballo en distinta localidade de aquela na que teña o seu destino definitivo estará, en aplicación do disposto no artigo 89 da LEPG, obrigado a participar no concurso debendo solicitar todos os postos situados na mesma localidade do posto ó que figure adscrito provisionalmente.

O incumprimento desta obriga determinará o cese no posto no que figure adscrito por motivos de saúde ou rehabilitación.

Non poderán participar neste concurso o persoal suspenso en firme, mentres dure a suspensión.

Os aspirantes interesados en participar na presente convocatoria deberán cumprir os requisitos e ter a categoría profesional, no seu grupo respectivo, requirida para desempeñar as vacantes ás que pretenden acceder, segundo o que figura no Anexo II.

#### POSTOS OFERTADOS

Os interesados/as poderán solicitar o posto relacionado no Anexo II, e deberán posuír os requisitos especificados para desempeñar a vacantes á cal pretenden acceder.

SOLICITUDES DE PARTICIPACION NO CONCURSO E DOCUMENTACION QUE SE LLE DEBE XUNTAR.





Quen desexe tomar parte na presente convocatoria deberá presentar a súa solicitude, dirixida á Dirección Xeral do CIXTEC, conforme ó modelo que figura no Anexo I da mesma, no Rexistro do Cixtec, así como nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación do anuncio da presente convocatoria no Diario Oficial de Galicia. No caso de que o último día do prazo coincidise en festivo ou inhábil, entenderase este prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Na dita instancia farase constar, por orde de preferencia, as vacantes incluídas no Anexo II sempre que, se reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño.

Á instancia xuntaráse a certificación na que se farán constar os méritos alegados polos interesados, debendo acompañar á dita certificación fotocopias da documentación correspondente aos méritos que se invoquen (agás que esta documentación figure nos arquivos do CIXTEC, en cuxo caso non será necesario achegar a mesma), que formarán parte integrante da certificación e presentaranse compulsadas, significando que non se valorar án aqueles méritos que para a comisión non estiveran suficientemente acreditados.

Os requisitos e os méritos alegados deberán reunirse e acreditarse ata o último día do prazo para a presentación de instancias.

A certificación será expedida polo órgano competente en materia de persoal do Centro de Traballo onde se prestaron os servizos que se queiran recoñecer.

De conformidade co previsto no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, no artigo 7.2 a) 3, unha vez transcorrido o prazo de presentación de instancias, as solicitudes formuladas serán vinculantes para o petionaria e os destinos serán irrenunciabes, agás que se obtivese outro destino mediante convocatoria pública antes de rematar o prazo de toma de posesión. Así mesmo, e con carácter excepcional, poderán renunciar á participación no concurso, antes de rematar o prazo de reclamacións das listas provisionais, sempre que exista causa de forza maior debidamente acreditada, que en calquera caso será libremente apreciada pola comisión de valoración.

#### VALORACIÓN DE MÉRITOS.

A resolución do presente concurso farase mediante a aplicación ós aspirantes do baremo de méritos que figura como Anexo III da presente convocatoria, de ser o caso terán preferencia para ocupar as vacantes adecuadas á súa categoría os traballadores que se atopen na situación sinalada no artigo 7.2.a). 7 do V Convenio Único.





A orde de prelación dos aspirantes para ocupar cada unha das vacantes solicitadas, virá dada pola aplicación dos méritos alegados e certificados do baremo ó que se refire o punto anterior.

#### COMISIÓN DE VALORACIÓN.

Para a resolución do presente concurso, o órgano competente en materia de persoal do CIXTEC nomeará unha Comisión de Valoración que terá a seguinte composición:

- Un presidente.
- Un secretario con voz e sen voto.
- Un máximo de cinco vocais.

Cada un dos membros desta comisión dispón dun voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Os membros da comisión de valoración absteranse de participar cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, poderán ser recusados polas mesmas razóns.

De conformidade co establecido no artigo 26 do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo do persoal ao servizo da Administración autonómica de Galicia, a comisión de valoración do presente concurso terá a categoría segunda.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, para aquelas tarefas que o requiran, procedendo o órgano convocante ao seu nomeamento.

A proposta de adxudicación dos postos de traballo ofertados recaerá, en todo caso, sobre o/a concursante que obtivese maior puntuación conforme a valoración de méritos da convocatoria.

#### RESOLUCIÓN.

O Director Xeral do CIXTEC, á vista da proposta feita pola Comisión de Valoración, ditará resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do CIXTEC, na que figurará unha relación de admitidos e excluídos así como a puntuación provisional dos admitidos para cada unha das prazas vacantes solicitadas.

Os excluídos, así como os admitidos que non estean de acordo coa puntuación provisional, disporán dun prazo de 10 días naturais contados a partir do seguinte ó da





publicación da citada relación, para emendar, se é o caso, ou para alegar a desconformidade coa puntuación provisional así como as razóns da mesma.

Finalizado o proceso de valoración, o Director Xeral do CIXTEC, por proposta da Comisión de Valoración, ditará resolución da que se mandará anuncio a publicar no Diario Oficial de Galicia, na que se lles adjudicarán as correspondentes vacantes ós aspirantes que obtivesen a maior puntuación.

A resolución ditada será recorrible nos termos previstos na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

#### INCORPORACIÓN Ó POSTO DE TRABALLO.

Os aspirantes que obteñan algunha das vacantes solicitadas deberán cesar no seu posto de traballo no prazo de tres días a contar dende o día seguinte ó da publicación da resolución. O prazo para a toma de posesión do novo posto será de tres días se o destino do novo posto radica na mesma localidade da residencia habitual do concursante ou dun mes se radica en localidade distinta e supón un cambio efectivo de residencia debidamente xustificada do traballador. Se na data do cese ou do inicio do cómputo do prazo posesorio o persoal está gozando dun período de licenza, vacación, ou permiso, o cómputo dos mesmos comezará ó día seguinte da reincorporación ó posto de traballo.

#### RECURSOS.

Contra a presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, cabe interponer recurso contencioso-administrativo ante os xulgados de Santiago de Compostela no prazo de dous meses, sen perxuízo da interposición do recurso potestativo de reposición ante a Dirección Xeral do Cixtec no prazo de un mes, ambos prazos contados a partires do día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Asinado electrónicamente

O DIRECTOR XERAL DO CIXTEC

Victor Coladas Bilbao





## ANEXO I – MODELO DE SOLICITUDE

Nome	Primeiro Apellido:	Segundo Apellido:	DNI:
Grupo ó que pertence	Categoría		
Domicilio, rúa, nº	Localidade	Provincia	Telefono
Destino Actual:			
Organismo	Dependencia	Localidade	

**SOLICITO:** Ser admitido á convocatoria do concurso de traslados 1/2020 do CIXTEC

Designación do Posto de Traballo	Grupo	Categoría	Localidade
----------------------------------	-------	-----------	------------

Tempo de Servizos Prestados na Administración Pública.

Anos	Meses	Días
------	-------	------

Cursos de Formación:

Curso	Duración

Lugar, data e Sinatura





ANEXO II – RELACIÓN DE POSTOS

Código do posto	Grupo	Categoría	Denominación	Centro de destino
4030043	II/III	II-27/III-30	Xefe de Unidade de Informática da Xefatura Territorial	CIXTEC Delegación territorial de Lugo
4030023	II/III	II-27/III-30	Xefe de Unidade de Informática da Xefatura Territorial	CIXTEC Delegación territorial de A Coruña





## ANEXO III – VALORACIÓN DE MÉRITOS

### 1. Antigüidade

1.1. *Por cada mes de servizos prestados nas Administracións Públicas: 0,15 puntos/mes.*

1.2. *Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.*

A suma da puntuación dos puntos 1.1, e 1.2 non poderá exceder de 5 puntos.

### 2. Tráballo desenvolvido:

2.1 .1 *A valoración efectuarase consonte os seguintes criterios:*

a) *Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de traballo desenvolvido, sempre que o posto solicitado sexa de inferior grupo e categoría ao posto desempeñado: 0,40 puntos.*

a) *Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de traballo desenvolvido, cando o posto desempeñado e o solicitado sexan de igual grupo e categoría: 0,30 puntos.*

b) *Por cada ano ou fracción superior a 6 meses de traballo desenvolvido, sempre que o posto solicitado sexa de superior grupo e categoría ao desempeñado: 0,20 puntos.*

2.2 *O traballo desenvolvido en adscrición temporal puntuarase como realizado no posto de orixe do/a traballador.*

### 3. Cursos de formación e perfeccionamiento e titulación académica.

3.1 . *Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes Comunidades Autónomas, universidades, Inem, Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Tráballo, cursos de formación continua do AFCAP, convocatoria:*

a) *Cursos ata 25 horas: 0,1 puntos.*

b) *Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.*

c) *Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.*

Non se valorará:

- A asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.
- As materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica.







- Os cursos de doutoramento.
- Os módulos ou partes integrantes dun curso.

*A puntuación máxima deste apartado será de 4 puntos.*

#### 4. Grao de coñecemento do idioma galego.

- Curso de Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos.*
- Curso de Celga 4 ou equivalente: 1,50 puntos.*
- Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 2,25 puntos*
- Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: 3 puntos*

*En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento de galego, só se computará o superior.*

*Só se lle concederá validez, no que se refire á acreditación do coñecemento do galego, aos cursos, estudos ou titulacións validadas polo órgano competente de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro) pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga).*

*O coñecemento do idioma galego só será obxecto de valoración nesta epígrafe.*

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados según a orde establecida no presente anexo e de persistir, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido e de ser igual, polo segundo, a partir da letra resultante no sorteo que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 27, do 10 de febreiro). En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre os implicados.

